


Lugar:

Sala de Actos  
Centro Comarcal do Salnés  
Paseo da Calzada s/n.  
Cambados



Inscripción: mediante correo electrónico

[secretaria@culturamaritima.org](mailto:secretaria@culturamaritima.org)

Prezo: gratuito (inclúe xantar)

Aforo: 45 persoas por orde de inscrición

**ORGANIZA**



**COLABORA E  
PATROCINA**



**XUNTA DE GALICIA**


**CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E MARIÑO**



Xornada técnica

**Retos e oportunidades  
para as embarcacións patrimoniais  
no cadro da Estratexia Marítima para o  
Arco Atlántico 2014-20**

Cambados, 12 de maio do 2012



A Federación Galega pola Cultura Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF), coa colaboración e patrocinio da Consellería do Medio Rural e do Mar no marco das accións do proxecto Nautismo Espazo Atlántico, NEA 2, convidavos a unha xornada de traballo que achegará unha visión actual sobre o desenvolvemento da náutica tradicional en Galicia e dos retos e oportunidades que a Estratexia Marítima no Arco Atlántico 2014-2020 pode ofrecer.

No documento aprobado o pasado 22 de marzo en Caen, o *bureau* da Comisión Arco Atlántico, logo de teren analizado a Comunicación da Comisión Europea denominada *Fomento dunha estratexia marítima para o Océano Atlántico*, destaca cinco obxectivos dos 11 contemplados na devandita Comunicación. Destes cinco, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial considerou que tres deles poden supor un estímulo e un reto para o mantemento do noso patrimonio marítimo:

- Poder de atracción dos territorios a través do turismo
- Fomento da cultura atlántica, con accións específicas sobre cabotaxe, actividades náuticas e temas relacionados coa inclusión social (emprego, educación...)
- Reforzo da competitividade das PYMES

Co gallo de explorar as oportunidades deste novo marco normativo, do que sairán as políticas para os vindeiros anos, a FGCMF considerou dividir a xornada en dúas sesións.

A primeira de exposición e coñecemento do estado actual e as oportunidades que esta estratexia pode supor para o patrimonio marítimo.

A segunda, analizará os novos escenarios e oportunidades que a modificación das normativas en navegación a nivel europeo poden supor para o mantemento en uso e mesmo con sentido produtivo do patrimonio marítimo flotante

## PROGRAMA

Sábado, 12 de maio de 2012

9:30 Rexistro

10:00 Inauguración da xornada

10:30 Sesión de palestras

**Xestións realizadas para o recoñecemento do valor patrimonial das embarcacións tradicionais en Galicia e implicacións para o futuro.**  
Conferencia a cargo da FGCMF.

11:30 Pausa Café

12:00 Continuación da sesión

**As novas políticas de seguridade e transporte marítimo de UE. Unha oportunidade para ás embarcacións patrimoniais?.**

Conferencia a cargo de Juan José Escolar Calzón. Capitán Marítimo de Vigo. Dirección Xeral da Mariña Mercante

**A Estratexia Marítima Europea para o Arco Atlántico 2013-2020. Retos e oportunidades para a cultura marítima e o turismo sostible.**

Conferencia a cargo de Inmaculada Valencia. Comisión do Arco Atlántico da Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas de Europa.

14:30 Comida

16:30 Mesa redonda/debate, con representantes das seguintes entidades:

CONS. DE MEDIO RURAL E DO MAR  
D. Xeral da Mariña Mercante  
Comisión do Arco Atlántico. CRPME  
Secretaría Xeral de Cultura  
Secretaría Xeral de Turismo  
Dirección Xeral de Comercio  
Colexio de Enxeñeiros Navais de Galicia  
Asociación Galega de Carpinteiros de Ribeira  
Departamento de Enxeñaría Naval e Oceánica. EPS. Univ. A Coruña  
Federación Galega de Municipios  
Deputación de Lugo  
Deputación de A Coruña  
Deputación de Pontevedra  
Portos de Galicia  
Museo do Mar de Galicia

18:30 Conclusións e peche